



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DA CORUÑA E DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO NO EXERCICIO 2023

### MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

A Consellería de Política Social e Xuventude, segundo o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia ao que lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención aos discapacitados e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

A Consellería de Política Social e Xuventude e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

Tendo en conta, por un lado a especificidade dos programas formativos a impartir, o colectivo ao que vai dirixido (maiores de 50 anos) e o ámbito xeográfico de actuación, e por por outra, a ausencia de entidades alternativas no ámbito territorial de aplicación que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, considéranse razóns que acreditan o seu interese social e queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo para o desenvolvemento do proxecto de democratización do coñecemento.

O obxectivo principal deste proxecto é favorecer a democratización do coñecemento potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de cincuenta anos das comarcas nas que se desenvolverá o proxecto. Con este fin utilízanse accións específicas que se concretan en catro obxectivos específicos:

1. Concienciar, ensinar e aprender da presenza da ciencia no día a día das nosas vidas para revalorizar e profundar no valor do noso patrimonio.





2. Recoñecer o valor das disciplinas artísticas nas nosas emocións e vivencias.
3. Adaptar e coñecer as competencias sociosanitarias dos principios de envellecemento activo.
4. Acadar unha mellora da calidade de vida, do benestar e da participación a través do exercicio intelectual que require este tipo de formación.
5. Loitar contra a soidade non desexada e o illamento social das persoas maiores.
6. Fomentar accións interxeracionais coas persoas maiores.

O proxecto desenvolverase ao longo de 2023, con actividades formativas e de extensión cultural, descritas na cláusula seguinte, dende os Programas universitarios para maiores das tres universidades para as persoas de máis de 50 anos das que, por diferentes motivos (xeográficos, económicos...), non poden asistir ao devandito programa de formación nas instalacións universitarias en cada unha das súas sedes oficiais.

A metodoloxía será de corte participativa e aberta onde os docentes universitarios desenvolveran varias sesións de docencia: teóricas unhas, de conferencia/seminario (onde se pretende favorecer o dialogo e participación dos asistentes) e outras prácticas con actividades de (visita guiada, obradoiro,...) sendo unhas de corte máis humanístico, outras máis científicas e outras artísticas en cada unha das comarcas do programa .

As sesións formativas desenvolveranse en distintos espazos xeográficos de cada unha das comarcas que se relacionan:

- a) Na provincia da Coruña desenvolverase nas Comarcas do Barbanza, Santiago, Betanzos, Bergantiños, Terra de Soneira, Sar, Eume e Ortegal.
- b) Na provincia de Pontevedra realizarase nas Comarcas de Tabeirós-Terra de Montes, Val Miñor, Deza, Salnés e Morrazo.
- c) Na provincia de Ourense nas Comarcas do Carballiño, Allariz, Terra de Celanova, Limia, Baixa Limia e Verín.
- d) Na provincia de Lugo nas Comarcas do Ulloa, Mariña Occidental, Mariña Central, Mariña Oriental, Sarria, Terra Chá e Lemos.

2. As actuacións que formarán parte do proxecto por cada unha das universidades serán as seguintes:

- a) Contidos do proxecto da Universidade de Santiago de Compostela:
  - 1º. O Papel das Familias na Educación.
  - 2º. O Cine do cotiá: un achegamento á práctica documental.
  - 3º. Dando Luz ao Románico. escoitando o falar das imaxes petrificadas.
  - 4º. Enerxías renovables.
  - 5º. Criminoloxía, Vitimoloxía e Políticas Públicas de apoio ás vítimas de delitos.
  - 6º. Simboloxía das Cores.
  - 7º. Escribir a nosa historia.





- 8º. As estrelas e as súas constelacións.
- 9º. Introducción á Criminoloxía.
- 10º. Gótico Mariñeiro.
- 11º. O novo reto Socioeconómico.
- 12º. O sono e os seus trastornos.
- 13º. O testamento vital
- 14º. Lectura de facturas e reclamacións
- 15º. A auga como terapia.
- 16º. Propostas teórico prácticas contra a soidade non desexada

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá o seu proxecto nos concellos de Lalín, A Estrada, Silleda, Vilagarcía, Cambados, Viveiro, Mondoñedo, Monterroso, Monforte, Xermade, Chantada, Taboada, Vilalba, Antas de Ulla, Sarria, Sober, Palas de Rei, Xinzo de Limia, Bande, Laza, Verín, Ribeira, Pobra do Caramiñal, Rianxo e Boiro

b) Contidos do proxecto da Universidade da Coruña:

O proxecto a desenvolver de cara a esta edición denominarase: "Compartir experiencias e coñecementos". Con esta nova edición pretendese concienciar á sociedade sobre a presenza da ciencia no día a día, e recoñecer o valor das disciplinas artísticas a través do coñecemento e as vivencias. Este percorrido farase a través de tres grandes áreas temáticas: Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencia e Tecnoloxía e Ciencias da Saúde.

O programa a impartir consta de tres módulos xenéricos. Nas comarcas de Costa da Morte e Betanzos e no concello de Arteixo, estes son:

- 1º. Arte e sociedade
- 2º. Ciencia e Tecnoloxía
- 3º. Saúde e benestar

Na comarca do Eume e Ortegál son:

- 1º. Arte e humanidades
- 2º. Ciencias e Tecnoloxía
- 3º. Ciencias da saúde.

A Universidade da Coruña desenvolvera o seu programa completo no ano 2023 nos seguintes concellos: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Coristanco, Corcubión, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo, Zas e nas comarcas de Bergantiños, Terras de Soneira, Fisterra e Xallas.

c) Contidos do proxecto na Universidade de Vigo:

- 1º. Un percorrido patrimonial pola historia do Concello de Lalín.





2º. O teléfono móbil. Configuración básica. WhatsApp e videochamada. Lecturas código QR. Aplicacións de banca electrónica e pago.

3º. Outras aplicacións. Calendarios de vacinación e medicacións. Petición de citas médicas. Localización de persoas, etc.

4º. Importancia de coñecer cuestións básicas que rodean a fiscalidade, entre outras, tratamento das herdanzas, plans e fondos de pensións, imposto de bens inmobles, plusvalía municipal, etc.

5º. Alimentación e saúde.

6º. Conceptos básicos. Física e Universo: o movemento e o tempo. A luz. Sistema Solar.

7º. A soidade é sempre mala?

8º. Arquitectura, arte e historia de Covelo.

9º. Xestión de redes Sociais.

10º. Pilates Sénior.

A Universidade de Vigo desenvolverá o seu programa completo no ano 2023 nas Comarcas que a continuación se enumeran: Deza, Allariz, A Paradanta, Celanova e o Morrazo.

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver a Universidade de Santiago, é de 13.333,30€, a Universidade da Coruña é de 13.333,30€, e a Universidade de Vigo 13.333,30€ segundo o seguinte desglose:

<b>ORZAMENTO UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>	
DOCENCIA E LOCOMOCIÓN PONTEVEDRA	2.789,80€
DOCENCIA E LOCOMOCIÓN LUGO	4.670,40€
DOCENCIA E LOCOMOCIÓN OURENSE	3.388,80€
DOCENCIA E LOCOMOCIÓN A CORUÑA	1.440,00€
PUBLICIDADE, PROMOCIÓN E ACTIVIDADE CULTURAL	1.044,30€
<b>TOTAL</b>	<b>13.333,30€</b>

<b>ORZAMENTO UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b>	
DOCENCIA	9.133,00€
MATERIAL FUNXIBLE E DIDÁCTICO	1.350,00€
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.815,00€
SEGURO DE ACCIDENTES	1.035,30€
<b>TOTAL</b>	<b>13.333,30€</b>





<b>ORZAMENTO UNIVERSIDADE DE VIGO</b>	
DOCENCIA E LOCOMOCIÓN	8.991,44€
MATERIAL FUNXIBLE E DIDÁCTICO	1.000,00€
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	541,86€
ACTIVIDADE CULTURAL	2.800,00€
<b>TOTAL</b>	<b>13.333,30 €</b>

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **corenta mil euros (40.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 13.05.312E.444.0, que se distribuirán do seguinte xeito:

Universidade de Santiago de Compostela	13.333,30€
Universidade da Coruña	13.333,30€
Universidade de Vigo	13.333,30€
<b>TOTAL</b>	<b>40.000,00 €</b>

As Universidades Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, son as beneficiarias directas da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades ata o 40% do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a debida execución das actividades programadas.

Establecese un pago do 40% en concepto de anticipo, importe que cumpre os límites establecidos no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A previsión do anticipo faise tendo en conta a necesidade financeira das Universidades para a execución do proxecto.

Na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica ós compromisos contraídos en virtude deste convenio.

As entidades beneficiarias da subvención quedan exoneradas da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e a súa duración será ata o día 31 de decembro de 2023 tendo efectos dende o 1 de xaneiro do presente ano. A Consellería de Política Social e Xuventude, unha vez asinado o convenio aceptará na acreditación dos gastos os que se realizaran para o desenvolvemento das actividades comprometidas antes da sinatura deste convenio, sempre que se emitiran no exercicio orzamentario corrente e amparen as actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela  
O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria  
Antonio Acevedo Prado

